



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

NÚMERO 2024/8

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO , O DÍA mércores 31 de xullo de 2024

Srs./ Sras. Asistentes:

Sr. Alcalde-Presidente:

Dona Sandra Insua Rial (PSOE)

Sres. Concelleiros:

Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)

Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)

Dona Begoña Tajés Méndez (PSOE)

Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)

Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)

Don José Francisco Carril Ageitos (PSOE)

Dona Paula Mouzo Mas (PP)

Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)

Don Manuel Mejuto Ríos (PP)

Dona Marta M^a Mouzo Pose (PP)

Don Xurxo M. Rodríguez Baña (BNG)

Escusa a súa asistencia

Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)

Secretaria:

Dona Eva Jardón López.

Interventora:

Dona M^a Emilia García Maneiro

Na casa do Concello de Camariñas, sendo as 20:06 horas do **mércores 31 de xullo de 2024** en primeira convocatoria e baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa Dona Sandra Insua Rial, reúnen-se os Sres./Sras. Concelleiros/as relacionados, todos eles membros do Pleno, con fin de celebrar sesión Ordinaria, asistidos da secretaria da sesión Eva Jardón López, de acordo co seguinte:



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000008

ORDE DO DIA

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 31 de maio de 2024.

2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 22 de xuño de 2024.

Parte I.I.- DITAMES

3º.- Adhesión ao plan de prevención de riscos e medidas antifraude da Deputación Provincial da Coruña (plan PREMADECOR).

4º.- Aprobación da segunda fase do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal adicional 2/2024. Gasto corrente.

5º.- Resolución recurso de reposición interposto contra o acordo de prorroga do contrato de Servizos de Axuda no Fogar do Concello de Camariñas.

6º.- Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito nº 15/2024 suplemento de crédito 02/24, financiado co remanente líquido de tesourería.

Parte I. II.- PROPOSTAS

7º.- Fixación dos festivos locais do Concello de Camariñas para o ano 2025

Parte I. III.- MOCIÓNS DE URXENCIA

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

Dación de conta dos Decretos da Alcaldía dende o número 423/2024, de data 28 de maio ao Decreto 597/2024 do 24 de xullo.

Rogos e preguntas.

ORDE DO DIA

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 31 DE MAIO DE 2024

Ningún dos concelleiros ten observacións e procédese á votación da mesma, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12

2 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

1 GRUPO MIXTO - BNG
8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado: APROBADA

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA
DE DATA 22 DE XUÑO DE 2024**

Ningún dos concelleiros ten observacións e procédese á votación da mesma, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO - BNG
8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado: APROBADA



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

3º.- ADHESIÓN AO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PLAN PREMADECOR).

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO.- ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

EXPEDIENTE.- 2024/A006/000011

O Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no seu artigo 22 esixe aos estados membros como España que, na súa condición de beneficiarios dos fondos dese mecanismo, adopten todas as medidas adecuadas para protexer os intereses financeiros da Unión Europea e velen porque a utilización de tales fondos se axuste tanto ás normas da propia Unión como as nacionais, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de interese.

Para facer efectivas as iniciativas previstas no Plan as Administracións Públicas deben adaptar os procedementos de xestión e o modelo de control. Algunhas medidas de axilización establecéronse mediante o Real Decreto- Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.(PRTR)

Ademais, no desenvolvemento dun Sistema de Xestión que facilita a tramitación eficaz das solicitudes de desembolso aos servizos da Comisión Europea, se ten aprobado a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. No seu artigo 6 esixe a redacción dun plan de medidas antifraude para cada organismo xestor de fondos do Mecanismo de Recuperación e



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

Resiliencia co obxectivo de asegurar a prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

Neste sentido a con data 4 de xullo de 2022, no BOP núm. 125, publícase o contido do Plan Xeral de prevención de riscos e de medidas antifraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR). No mesmo, regula a posible adhesión dos concellos da provincia ao citado Plan con distintos graos de adhesión en función da poboación municipal: “A Deputación, como organización de xestión e goberno da Provincia da Coruña, asenta a súa natureza de entidade local na agrupación de concellos (artigo 141 da Constitución e 31 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local), atribuíndoselle como competencia esencial a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica con aqueles, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión (artigo 36.1, letra b, da devandita Lei 7/85).

Pois ben, co fundamento competencial exposto e tomando moi en consideración a novidade e, asemade, complexidade organizativa e técnica das medidas antifraude que se regulan neste documento, considérase oportuno e mesmo necesario posibilitar que os concellos e demais entidades locais da provincia poidan adherirse a este Plan, establecéndose deseguido distintos niveis ou graos de adhesión, que se van a graduar partindo da poboación de cada entidade, criterio legal que se vén utilizando con carácter xeral na oferta de cooperación municipal en todos os ámbitos..”

Entre os distintos graos de adhesión que se prevé no PREMADECOR considerouse o mais convinte para o Concello de Camariñas, o 3º, que está recollido no apartado I.2.C) dese plan e abarca tanto os formularios como a delegación, non soamente das funcións de avaliación de riscos, senón tamén do seguimento das medidas polo denominado Comité Anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR) e da instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local. O acordo a adoptar, que deberá ser por maioría do número legal de membros, axustarase ao modelo do Anexo C.2 do PREMADECOR.

Considerando imprescindible esta axuda por parte da Deputación Provincial en aras ao cumprimento das esixencias marcadas polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea e tendo en conta as disposicións contidas nos artigos 22.2.p) e 47.2.h) da Lei 7/1982, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, propono ao Pleno

5 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

do Concello de Camariñas, previo ditame da comisión informativa de asuntos xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**

Primeiro.- Adherirse ao **PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR)**, aprobando todos os seus documentos e formularios.

Segundo.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do **PREMADECOR**: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao **PRAMEDECOR**, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do **PRTR da Unión Europea**.

2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das **DACI** e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do **PRTR da Unión Europea**.

3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co **Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación**, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co **PRTR da Unión Europea**.

6 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.

5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.

2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.

3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.

4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello deléxante para que proceda ao seu informe e aprobación,

5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. *Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.*

2. *Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.*

3. *Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.*

4. *Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.”*

Terceiro.- *Notificar á Deputación da Coruña a adhesión en grao terceiro do Concello de Camariñas ao PREMADECOR.*

Cuarto.- *Unha vez que a adhesión do Concello de Camariñas ao PREMADECOR sexa aceptada pola Deputación da Coruña publicar a mesma no Boletín Oficial da Provincia.*

Asinado dixitalmente, en Camariñas, na data da sinatura dixital que figura ao marxe polo Alcalde en funcións, don Sergio Caamaño Fernández”.

A Alcadesa explica que unha das obrigacións das Administracións para recibir fondos europeos é ter un plan antifraude, a Deputación da Coruña ten aprobado un plan e permite aos concellos adherirse ao mesmo, e ante a dificultade técnica da cuestión, a falta de medios persoais e materiais e tendo en conta a posibilidade que confire a Deputación, a proposta do equipo de goberno é a adhesión.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

Dona Paula toma a palabra di que todo o que son medidas neste sentido non lles parecen mal. E don Xurxo di que lle parece fantástico e que se a Deputación xa o ten redactado e nos solo nos temos que adherir é o mellor.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO – BNG
- 7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO – BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO – BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

Estado: APROBADA

4º.- APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2024. GASTO CORRENTE.

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais que a continuación se transcribe:

“ANEXO XIII

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2024.

2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2024

9 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

EXPTE TEDEC: 2022/A008/000025

Visto que a Deputación de A Coruña notificou aos Concello a cantidade que lles corresponde aos Concellos no POS+ Adicional 2/2024, que no caso do Concello de Camariñas ascende a cantidade de 279.524,20 €.

Visto que esta maior achega provincial asignada se pode destinar a financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos incluídos no Plan Complementario ao POS+2024 ou ben a outros novos investimento, ou a gastos correntes do concello de exercicio de 2024.

Visto que mediante decreto da Alcaldía de data 25/06/2024, se acordou participar na 1ª Fase do POS+ ADICIONAL 2/2024 da Deputación Provincial da Coruña, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 por importe de 146.500,00 €.

Considerando os fundamentos e antecedentes anteriormente expostos, así como a restante documentación que obra no expediente, se propón ao Pleno, a adopción do seguinte acordo en uso das facultades que me confire o art. 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	133.024,20

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos	financeiramente	Financiamento dos investimentos
---------------	-----------------	---------------------------------



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

<i>sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)</i>	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
TOTAL					

<i>Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)</i>	Deputación	Financiamento dos investimentos			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) *Resumo de financiamento:*

POS+ ADICIONAL 2/2024		Concello	
-----------------------	--	----------	--



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

2ª FASE	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	133.024,20				133.024,20
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)					
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)					
TOTAL	133.024,20				133.024,20

Segundo.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

Cuarto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

Quinto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sexto.- *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

Sétimo.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe,

A alcaldesa,

Asdo.: Sandra Insua Rial”

A Alcaldesa explica que a Deputación aumentou os cartos e o fai mediante este segundo plan adicional, establécense dúas fases, unha primeira na que se poden financiar as obras contidas no POS complementario, que xa aprobou o Pleno e decidiuse a obra da Xunqueira, debido as sancións de Augas de Galicia por verter ao río e na segunda fase se pode utilizar para gasto corrente que é o que se vai a aprobar agora.

Dona Paula di que a ela lle gustaría que esa partida puidera destinarse a algunha obra relevante nalgunha parroquia, pero que se decide destinar a gasto corrente e hai pouco mais que dicir.

Don Xurxo di que está no gasto corrente, non hai outra opción de metelo.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 7

0 GRUPO MIXTO - BNG

7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

Abstencións: 5

1 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

5º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO.- RESOLUCIÓN RECURSO REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA PRORROGA DO CONTRATO DE SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR ANO 2024-2025
EXPEDIENTE.- 2024/C008/000001

Visto que en data 16 de novembro de 2021, publicase na plataforma de contratos do sector público anuncio de licitación do contrato do servizo de Axuda no Fogar do Concello de Camariñas e que en data 17 de decembro de 2021, dentro do prazo de presentación de ofertas, a empresa SOCISER SLU, presenta oferta no contrato “Servizo de axuda no fogar do Concello de Camariñas”.

Visto que en data 23 de maio de 2022, por acordo da Xunta de Goberno Local, adjudicase o contrato a empresa SOCISER, formalizándose o mesmo, en data 16 de xuño de 2022, por un período de un ano, con opción de dúas prorrogas de un ano cada unha.

Visto que en data 22 de marzo de 2024, a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo legalmente establecido, acorda aprobar a prórroga do contrato “Servizo de axuda no fogar do Concello de Camariñas”, por un prazo de un ano, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas que rexe a licitación. Constando que a notificación de dito acordo foi aceptada polo usuario en data 3 de abril de 2024.

Visto que en data 3 de maio de 2024, rexistro de entrada 202499900000347, a empresa SOCISER SLU interpón recurso de reposición contra o acordo de prórroga do contrato.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

Visto que en data 22 de xullo de 2024 a Secretaria do Concello, dona Eva Jardón López, asina informe no que conclúe que “(...) procede a desestimación do recurso de reposición (...)” ao entender que a evolución do IPC ao longo do ano 2021, non se pode entender como un incremento imprevisible do mesmo e que non concorren ningún dos principios que motivarían un restablecemento do equilibrio económico do contrato, xa que non existe decisión administrativa que implique alteración do contido do contrato, non concorren os supostos de forza maior, nin existe risco imprevisible.

Visto o disposto nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e no artigo 29 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

Visto que estaba prevista unha concentración para o 23 de xullo, na Praza do Concello polo tema retributivo das compañeiras do SAF, comunicada polo sindicato, e tendo en conta a posibilidade doutras medidas de presión, como a folga das traballadoras o que motivaría a suspensión dun servizo esencial como é o servizo de axuda no fogar.

Vista a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, que atribue ao Pleno do Concello a competencia para os contratos cuxo importe exceda do 10% dos recursos ordinarios e tendo en conta que de conformidade co artigo 9.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público segundo o cal “(...) en ningún caso poderán ser obxecto de delegación as competencias relativas a (...) resolución de recursos nos órganos administrativos que ditaron os actos obxecto de recurso” proponho ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais do Pleno, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto pola empresa SOCISER SLU en data 3 de maio de 2024, rexistro de entrada 202499900000347, contra acordo de Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2024 de aprobar a prórroga do contrato “Servizo de axuda no fogar do Concello de Camariñas”, por un prazo de un ano.

Segundo.- Anular o acordo de Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2024 polo que se aproba a prórroga do contrato de “Servizo de axuda no fogar do Concello de Camariñas” e resolver o mesmo por cumprimento do prazo.

Terceiro.- Notificar a presente resolución á empresa SOCISER SLU de conformidade co disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Asinado dixitalmente en Camariñas, na data da sinatura dixital que figura ao marxe, pola alcaldesa do Concello, dona Sandra Insua Rial.

15 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

A Alcaldesa explica que a empresa prestadora do servizo de axuda no fogar, SOCISER, presentou un recurso de reposición contra o acordo de prorroga, a Secretaria do Concello informou que a evolución do IPC non se pode entender como un incremento imprevisible que motive un incremento do prezo, mantivemos varias reunións coa empresa e cos representantes dos traballadores e comunicaron unha concentración prevista para o 23 de xullo e unha posible folga que provocaría a suspensión do servizo e ante esta situación, decidiuse traer este punto para resolver este recurso e resalta que o Concello non debe nada. A Alcaldesa engade que se falou con SOCISER para que continúe prestando o servizo, porque no momento que se resolva o contrato se pode prestar o servizo con outra empresa, eles din que subiran a 2,60 euros mais IVE a hora de dependencia de libre concorrência e pasamos a uha situación sen contrato, entrando nun chantaxe complicado e di que o Partido Socialista sen a unanimidade do Pleno vai a retirar o punto da orde do día, porque non teñen porque asumir unha decisión que leva un informe desfavorable tanto da secretaria, como da interventora.

Dona Paula toma a palabra para ler o escrito que de seguida se transcribe e pide a súa constancia en acta.

“Dende este grupo, en varias ocasións, mostramos tanto no pleno como nos medios a nosa preocupación pola situación das traballadoras do SAF. Tamén mantivemos contacto con elas e estamos a súa enteira disposición, para que se faga xustiza con elas.

Fan unha labor moi importante. Merecen apoio, desde a legalidade e o sentido común.

Hoxe estamos diante dun caso único.

Este goberno con maioría absoluta, que non conta para nada con nos, quere que a oposición lle saque as castañas do lume.

Temos un goberno que trae unha proposta a pleno que nin eles mesmos saben o que van votar.

Nos medios de comunicación, nos plenos... a alcaldesa falaba dos famosos pliegos do SAF. Gustaríame saber a día de hoxe como van eses pliegos.

A alcaldesa dixo na comisión que estaba convocada unha concentración das traballadoras diante do concello. E claro como non quería eso, unha solución que non foi capaz de adoptar en meses, ocurriuselle un par de días antes de que lle viñeran protestar as portas do concello. E como non quería esa foto, aquí temos esta proposta.

Unha proposta que o mesmo PSOE nin apoia nin deixa de apoiar. Agora quere consenso. Unha proposta feita para evitar unha foto con pancartas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

Que consta cos informes negativos de Intervención e Secretaria. Nós respectamos moitos os informes de Intervención e Secretaria. E sabemos o que pode pasar se non se lles fai caso. E non fai falta ir moi lonxe que tivemos e temos exemplos cerca.

O planteamento é curioso. Ou unanimidade ou nada. Vai facer así con todos os puntos que se presenten no pleno ou solo neste caso para buscar unha escusa?

Eu penso que as traballadoras do SAF están vendo o que hai e non comulgan con rodas de muiño.

Vostede está acostumada a levantar reparos e non facer caso deses informes. Sea valiente e vote a favor do punto que trae hoxe ao pleno.

Vostede é a alcaldesa. Non necesita os nosos votos, como non os necesitou nunca, nin nunca quixo nada coa oposición.

Para traer este punto non me chamou para nada. Explican o tema na comisión e o que nos di e que “non me vou comer o marrón eu sola”. E tamén menciona o término “fraude de lei”. Ollo!

Eu non son avogada. Pero cando me falan de “fraude de lei” pois a min, sinceramente, preocúpame.

E o venres tivemos o informe negativo conxunta da Intervención e Secretaría e aí está o consenso do PSOE. Tanto movemento en poucos días e tan pouco nos meses anteriores. Curioso!

Señora Sandra, como dixó aquí varias veces. A xente votoulle a vostede, é certo. Tivo mais votos co resto. E esos votos sirven para tomar decisións. Ten 8 votos, o PP 4 e o Bloque 1. Vostede e o seu grupo son os que deciden sempre.

Vostede ten que asumir a súa responsabilidade, e tomar decisións, gobernar e dar solucións. Ten maioría absoluta e cobra para resolver os problemas dos veciños.

Botamos en falta que en todos eses meses non tiveran tempo a darlle unha solución a estas traballadoras.

Dito isto, nós queremos ter unha postura responsable.

Co noso voto non imos impedir que se aprobe esta medida. O noso voto non vai ir en contra das peticións das traballadoras. Recoñecemos que a vontade maioritaria do Pobo de Camariñas quixo que fora o PSOE o que tivera o poder real de decisión.

E o que voten vostedes é o que realmente vale. Non enganen a ninguén. Neste pleno, co voto do PSOE as cousas saen adiante ou non saen.

Exerzan o seu poder. Asuman a súa responsabilidade e non nós veñan con milongas”.

A alcaldesa pregunta cal vai ser o sentido do voto e dona Paula di que eles se van abster.

17 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

Don Xurxo toma a palabra para dicir que non lle preocupa tanto a folga, porque habería servizos mínimos do 100%, pero si lle preocupa a situación das traballadoras e non vai votar en contra, nin absterse para apoialas, pero lle preocupa a postura de Paula, porque aquí quen ten a responsabilidade é a Xunta.

A Alcaldesa toma a palabra por alusións, e se dirixe a Paula como representante do PP e lle di que o seu partido sabe o que son as denuncias do PP, en Xunta de Goberno Local o PSOE aprobou unha prorroga, cos informes favorables de secretaría e intervención, porque a empresa ten que cumprir co contrato que foi o que firmou e se o traio ao Pleno é para buscar unha solución unánime, porque o PP de Camariñas está esperando á mínima para inhabilitar á Alcaldesa e dona Paula lle di que chama PP de Camariñas a unhas persoas que agora mesmo non son o PP de Camariñas.

Dona Paula di que non se contou con eles para nada, que o equipo de goberno o decidiu todo e o planteou na comisión, a Alcaldesa di que eles o plantearon na comisión, e lles dixo que pensarán o voto para o Pleno, que se o PP se abstén que se ía retirar o punto e don Xurxo di que el non o retiraría.

A Alcaldesa di que ela está cumprindo coa legalidade e que ía incumprila coa unanimidade do Pleno de hoxe, pero como ve que están esperando que Sandra o faga para ir ao xulgado, quitase da orde do día pola abstención do PP e dona Paula di que a Alcaldesa está moi equivocada.

Dona Paula di que o SAF pasou a ser competencia municipal no ano 2008 cando gobernaba o bipartito e o financiamento é 50% a Xunta e 50% o goberno do estado e que o goberno do estado está aportando o 30% e a Xunta o 70%, a Alcaldesa pide que isto último conste en acta e pregunta si o Concello non pon nada e o usuario tampouco.

Dona Paula di que o Concello pon a diferenza e dona Sandra lle contesta que de 20 euros que está a hora a Xunta pon 11 e dona Paula di que o Estado debería por outros 11.

Concluído o debate, a Alcaldía decide retirar o punto da orde do día, pola abstención do PP e por non ser posible chegar a un acordo unánime sobre o asunto e dona Paula di que non sae porque o PSOE con maioría absoluta decide non aprobalo.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 15/2024 SUPLEMENTO DE CRÉDITO 02/24, FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Contas que a continuación se transcribe:

18 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

“EXPTE:2024/T002/000015

PROPOSTA DE DITAME

Visto que da liquidación do exercicio 2023 resultou un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 747.580 €.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que a Entidade dispón de remanente líquido de Tesourería se fai precisa a modificación de créditos de dito Orzamento da Entidade.

A necesidade de suplementar os créditos responde a que o crédito dispoñible a nivel de vinculación xurídica non é suficiente para atender todas as facturas que constan no rexistro municipal.

Por todo o anterior esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 15/2024 por suplemento de crédito 02/2024, financiado có Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, segundo o desglose que se detallan a continuación para posteriormente proceder a súa aprobación.

Os gastos proxectados son específicos na súa definición e determinados nas contías, tendo carácter inaprazable por afectar a servizos e competencias municipais.

Tendo en conta todo o anterior, e visto o informe de Intervención de data 15/07/2024 propónse á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte DITAME:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito de crédito nº 15/2024 suplemento de crédito 02/24 , por importe de 225.677,39 € financiado co remanente líquido de tesourería, de acordo co seguinte detalle:

GASTOS.-

APLICACIÓN	Proxecto de Gasto	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1532.22199		Pavimentación de vías públicas/Outros suministros	9.990,28 €
1532.21000		Pavimentación de vías públicas/Reparacións en infraestruturas	16.309,59 €
1532.22706		Pavimentación de vías públicas/Estudios e traballos técnicos	4.882,96 €

19 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

APLICACIÓN	Proxecto de Gasto	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1532.20400		Pavimentación de vías públicas/Arrendamento de material de transporte	3.267,00 €
160.22799		Sumidoiro/Outros traballos realizados por empresas e profesionais	2.444,97 €
160.22501		Sumidoiro/Tributo da Comunidade Autónoma	23.204,06 €
161.22100		Abastecemento domiciliario de auga potable/Enerxía eléctrica	89.214,02 €
1622.22700		Xestión de residuos sólidos urbanos/Limpeza e aseo	10.740,93 €
1721.22799		Recollida de residuos/ Outros traballos realizados por empresas e profesionais	6.494,40 €
342.63203	2024/4/24H1	Instalacións deportivas/ Edifícios e outras construcións	17.943,22 €
323.62203	2024/4/24K1	Funcionamento de centros docentes de ensinanza infantil e primaria/Edifícios e outras construcións	4.029,30 €
161.22199		Abastecemento domiciliario de auga potable/Outros suministros	10.347,33 €
165.22100		Alumeado público/Enerxía eléctrica	26.809,33 €
TOTAL			225.677,39 €

INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMENTO
87000	225.677,39 €	Remanente de Tesourería para gastos xerais



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

SEGUNDO.- *Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*

En Camariñas, A Alcaldesa

Sandra Insua Rial.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE”.

A Alcaldesa explica que houbo un remanente de 747.580 e propoñen destinar 225.000 para aumentar os créditos das partidas dos programas de vías públicas, sumidoiros, augas, residuos, alumeados, deportes e colexios.

Dona Paula di que é o expediente de modificación de crédito número 15 deste ano e que xa se van acostumando a estes recursos e a seguir sin orzamentos.

Don Xurxo di que xa o contestaron na prensa, que para o 2025 haberá orzamento e di que o seu voto é en contra mentres non se aproben os orzamentos e unha decisión de protesta política.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 7

0 GRUPO MIXTO – BNG

7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 1

1 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 4

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000008

7º.- PROPOSTAS. FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA O ANO 2025

Consta no expediente a proposta que de seguido se transcribe, e procédese á votación da inclusión do asunto na orde do día, de conformidade co disposto nos artigos 82 e 97 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Votación da inclusión na orde do día:

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade.

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO.- FIXACIÓN FESTIVOS LOCAIS CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA O ANO 2025

EXPEDIENTE.- 2024/U029/000016

O artigo 30, paragrafo 7, da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que a Administración Xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas, con suxeición ao calendario laboral oficial, fixarán no seu respectivo ámbito, o calendario de días inhábiles a efectos do cómputo de prazos. O Calendario aprobado polas Comunidades Autónomas comprenderá os días inhábiles das entidades que integran a Administración.

Visto o oficio da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, recibida neste Concello en data 17 de xullo de 2024, rexistro de entrada 202400000002025, no que se comunica que “(...) Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que nese

22 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2025, que deberá remitir a este departamento territorial antes do día 1 de setembro de 2024”.

Vista a necesidade de elaborar o calendario de días inhábiles para o ano 2025.

*Vista a competencia atribuída ao Pleno, de conformidade co disposto no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983 de 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO***

Primeiro.- Formular a seguinte proposta de días de festa de carácter local retribuídos e non recuperables para o vindeiro ano 2025.

24 de xuño, Festividade de San Xoan.

16 de xullo, Festas da Virxe do Carme.

***Segundo.-** Dar traslado do presente acordo, a efectos do seu coñecemento, á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración antes do 1 de setembro de 2024.*

Asinado dixitalmente en Camariñas, na data da sinatura dixital que figura ao marxe, pola alcaldesa do Concello, dona Sandra Insua Rial”.

A Alcaldesa explica os festivos que se propoñen e di que a dúbida é sempre co patrón. Dona Paula di que lles parece boa opción o día de San Xuan e o día do Carme e plantexa que para o futuro se poida consultar cos cidadáns para que opinen sobre o tema.

Don Sergio di que se Administracións mais grandes non ten un sistema, é difícil que o teñamos nos.

Don Manuel di que si existe algunha posibilidade, preguntando as empresas, aos comerciantes e os cidadáns debería facerse.

A Alcaldesa explica que optouse polo San Xuan porque afectaba a todas as parroquias.

Don Xurxo di que o 24 é festivo en case toda Galicia e que é mais fácil o descanso.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO - BNG

7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade.

Estado: Aprobada.

8º.- MOCIÓN DE URXENCIA

8.1.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA A MELLORA DA ESCOLA INFANTIL DE CAMELLE.

Consta no expediente, a moción presentada polo representante do grupo municipal BNG, en data 17 de xullo de 2024, rexistro de entrada 202499900000600, procedéndose a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO – BNG
7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, procédeuse a lectura da moción que continuación

24 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

se transcribe:

“MOCIÓN PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALIZA A MELLORA DA ESCOLA INFANTIL DE CAMELLE

Xurxo Manuel Rodríguez Baña, portavoz do Grupo municipal do BNG-grupo mixto no concello de Camariñas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN.

Exposición de motivos:

A escola infantil de Camelle ven dando clases as nenas e nenos da vila dende hai máis de 50 anos.

Esta escola non conta con zonas para que o alumnado poida facer actividades ao aire libre propias do centro, tendo que saír a rúa directamente sen ningún tipo de seguridade.

Xa non so falamos de seguridade, senón que non contan con espazos cubertos en onde poidan realizar actividades físicas os días de inclemencias meteorolóxicas, como os días de choiva, pois so contan co vello e deteriorado parque infantil municipal de diante da escola.

Dende o BNG entendemos que facer unha actuación para dotar de cuberta a zona infantil e mellorar a seguridade deste lugar deberíase realizar de xeito urxente e inmediato.

Polo anteriormente exposto, o portavoz do BNG do concello de Camariñas presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións dos seguintes ACORDOS:

1. Solicitar a consellería de educación da Xunta de Galiza a:

a. A mellora da seguridade para os nenos no entorno da escola infantil de Camelle.

b. A dotación de cuberta no recinto do parque infantil para que as nenas e nenos de Camelle poidan realizar actividades no exterior da escola todos os días do ano.

Ado. Xurxo Manuel Rodríguez Baña Portavoz do grupo municipal do BNG

Don Xurxo di que no edificio o estado é competencia de educación e deberían darlle unha volta e polo menos dotalo de seguridade, o paso de peóns xa non existe e habería que pedirlle diñeiro a Xunta.

A Alcadesa contesta que na obra do POS que é a cuberta da Casa do Mar xa se inclúe o arranxo do entorno e para o cuberto hai unha memoria, e hai uns meses tiveron unha reunión con Indalecio Cabana e trasladaronlle iso, que é unha necesidade e el dixo que os terreos son do Concello, o parque é noso e por iso a Xunta non pode por cartos alí, pero o proxecto é de 140.000 euros aproximadamente.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

Dona Paula di que eles están dispostos a apoiar a moción, pero que engadiría un punto mais que sería solicitar ao Concello de Camariñas a reparación e a Alcaldesa di que ela tamén engadiría que a Xunta teña en conta a Camariñas na convocatoria para parques infantís.

Dona Paula e dona Sandra inician un debate sobre as actuacións feitas e as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia ao Concello de Camariñas.

Concluído o debate, a Secretaria da lectura ao ACORDO definitivo coas emendas propostas e que se vai someter a votación:

“(...) 1. Solicitar a consellería de educación da Xunta de Galiza a:

a. A mellora da seguridade para os nenos no entorno da escola infantil de Camelle.

b. A dotación de cuberta no recinto do parque infantil para que as nenas e nenos de Camelle poidan realizar actividades no exterior da escola todos os días do ano.

2.- Instar ao Concello de Camariñas a unha actuación inmediata de mantemento no parque da escola infantil de Camelle.

3.- Instar á Xunta de Galicia a que nas axudas co código PR486A teñan en conta a solicitude que o Concello de Camariñas vai facer para o parque da escola infantil de Camelle”.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO - BNG

7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade.

Estado: Aprobada.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

26 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

1º.- Dación de conta dos Decretos de Alcaldía dende o número 423/2024 de data 28 de maio ao Decreto 597/2024 do 24 de xullo.

2º.- Rogos e preguntas

Dona Paula fai os seguintes rogos:

- Que se programe a limpeza do camiños e cunetas da parroquia de Xaviña onde non se fixo e que se inspeccione o mal que se fixo nalgúns zonas de Xaviña e outros puntos do Concello, como Portocelo.

- Que se arranxe a base de madeira da tirolina de Area da Vila.

- Que se poña o espello na entrada do muelle, cando baixas da costa do Bico, na esquina do Paseo Marítimo. A Alcaldesa di que iso é de Portos e quedan en avisar.

- Que se terminen os pregos para a licitación do servizo de axuda no fogar. A Interventora toma a palabra para facer constar que xa hai meses que se deu a orde de elaborar o estudo de custos económicos, pero os medios son os que son, e o SAF é un contrato de moita envergadura.

Don Xurxo fai os seguintes rogos:

- Que diante do chino está a beirarrúa rota, xusto na arqueta. A Alcaldesa di que mandou ao capataz, pero que é unha arqueta de Fenosa e don Xurxo di que polo menos se balice.

- Que si de algún xeito se pode esixir á empresa de limpeza de praias que limpen os cristais que hai na praia, porque non recollen nin os que están á vista.

- Que se limpen as arquetas de pluviais de alcantarillado, porque están todas tupidas.

- Que se elabore o ROM.

- Que se graven e se publiquen os plenos.

Constan no expediente as seguintes **preguntas** presentadas polo grupo municipal PP en data 22 de xullo de 2024, rexistro de entrada 202499900000613, as que da lectura:

“(…) **AXUDAS ENTIDADES DEPORTIVAS**

- *Respecto as axudas a entidades deportivas concedidas polo concello de Camariñas, cal é o estado do pago ós diferentes clubs?*

- *Están todas aboadas ou falta algunha entidade por recibir a subvención ?*

- *Nese caso, que entidades aínda non percibiron a axuda concedida?*

A Alcaldesa contesta que no pleno do 31 de maio aprobáronse as subvencións nominativas, publicouse o anuncio e ten que estar 15 días hábiles, emitir un certificado de que non houbo alegacións e hoxe iniciouse o expediente para firmar os convenios coas deportivas,



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

cando se paga o 60% e cando xustifiquen o 40% restante, despois irán as palilleiras e a asociación de empresarios e por último as festas.

Dona Paula formula as seguintes preguntas:

- O pasado 19 de xullo os veciños da Ponte comentaron un vertido nas augas do Río Grande, a Alcaldesa di que é a primeira noticia e pregunta o punto do vertido. Don Juan Carlos di que hai unha foto colgada no Facebook do Amigos da Ponte de Porto, e don Sergio di que cando se ve algo que é mellor que se comunique ao Concello.

- Recibíronse queixas dos veciños de Camelle por atascos de caravanas e problemas de tráfico e quería saber si eran coñecedores desa preocupación e se estudan algunha solución, como por dirección única ou algunha outra medida. Dona Begoña contesta que falou co policía local e que non se pon sinal porque se pode pasar perfectamente. A Alcaldesa di que en canto as caravanas tiñan ganas de por unha zona de caravanas mais grandes, pero que hai iniciativas privadas para iso. Don Xurxo di que o da dirección única xa se falou en pleno e se quedou en que o tiña que solucionar Deputación e Portos.

Don Xurxo formula as seguintes preguntas:

- Que medidas se van tomar nos arbores da Praza do Carme, que están coas sombrillas, se tapa a base, non filtran as augas e non medran e se utiliza un espazo público para un beneficio privado? A Alcaldesa di que si o que pide é que se quite a sombrilla, porque o espazo público o esta ocupando mais xente. E don Xurxo di que si, que os árbores queden expeditos e que se volva a cobrar polas terrazas, e a Alcaldesa di que está totalmente de acordo, pero que non deu tempo a tramitar este ano a ordenanza de terrazas.

- A reparación das bombillas do Paseo cando será? A Alcaldesa di que espera que pronto, que o problema é que as luminarias están descatalogadas, pero ao final fíxose o pedido de todas as que había en stock e estarán a punto de chegar.

- Tedes pensado reparar a estrada que está en fronte do Snack? A Alcaldesa di que xa está no POS, que xa está o proxecto feito e todo.

- Tedes pensando reparar a rúa da Gándara en Xaviña, a altura do número 13 e se teñen pensando metela no seguinte POS? A Alcaldesa contesta que en principio non e don Sergio di que en Xaviña o que teñen pensando e ir saneando.

- O saneamento que vai cara a depuradora por detrás do castelo vaise tomar algunha medida? A Alcaldesa di que encargaron a redacción dunha memoria para arranxar esa calle e hai un problema coa depuradora que a enxeñeira aínda non sabe como resolver, porque aí houbo un fallo de deseño da depuradora. Don Sergio explica que a entrada de auga para a depuradora é

28 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000008

moito mais pequena que o que entra e rebota, a enxeñeira dixo que a solución era facer un tanque de tormentas, pero aí non o van a autorizar e están buscando outra solución. A Alcaldesa conclúe dicindo que no próximo POS intentara meter o proxecto se atopan a solución.

- En canto ao expediente da Horta do Cura, en que situación está? A Alcaldesa di que se requiriu ao clero que tiñan que tirar, pero non contestaron nada e se non tiran haberá que por multas coercitivas.

- O coche que está en fronte de MAPFRE vaise retirar? A Alcaldesa contesta que está en mans de Luis e que espera que se retire pronto.

- En que estado se atopa o das biondas da curva do Rodeiro, porque houbo outro accidente. A Alcaldesa contesta que Deputación di que a bionda non é a solución, que aí o firme ten algo raro e que o coche resbala e mañá volve a estar coas representantes de Deputación e volve a dicirlles. Don Xurxo di que o mesmo respecto da baranda que está moi mal, e que hai un problema co propio solo, que esa estrada ten que entrar no plan de estradas da Deputación, porque hai un problema de seguridade.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:25 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certificado.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello Eva Jardón López, co visto e praxe da Alcaldesa Sandra Insua Rial.